

POXA PÚBLICA PARA A COMPRAVENDA E/OU CONSTITUCIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE EN PARCELAS RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DA ZONA DENOMINADA ÁREA LOXÍSTICA EMPRESARIAL DA PLATAFORMA LOXÍSTICA E INDUSTRIAL DE SALVATERRA DE MIÑO - AS NEVES (PLISAN). EXPEDIENTE: PLISAN 2021/COMPRAVENDA-(2)-LE

ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A)

ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de licitación.
2. Lectura do anuncio da poxa e comprobación das ofertas presentadas.
3. Apertura do sobre da documentación administrativa (Sobre A).
4. Acordos da mesa.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE LICITACIÓN.

Data:	23/09/2021	Hora:	10:15 horas
Lugar:	Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela. Sala de Xuntas da Dirección Xeral do IGVS (5º andar).		

No lugar, día e hora sinalados, constitúese a Mesa de licitación para proceder á apertura da documentación administrativa (Sobre A), correspondente ao expediente no encabezamento reflectido, coa participación dos seguintes membros:

PRESIDENTE	José Luis Estévez Sobrino	Xefe do Servizo de Xestión de Investimentos e Apoio Administrativo do IGVS
VOGAIS	Roberto Barcia Casanova	Letrado. Asesor Xurídico do IGVS.
	Mª Sagrario Roel Alonso	Xefa do Servizo de Coordinación e Supervisión do Control Financeiro Permanente de ATRIGA. Intervención Xeral.
	Rosa Eguizábal Gándara	Directora de Promoción Económica. Consorcio Zona Franca de Vigo





	Beatriz Colunga Fidalgo	Directora. Autoridade Portuaria de Vigo
	Javier Suárez García	Asesor Xurídico da Comisión de Seguimento da PLISAN
SECRETARIA	Beatriz Garabal Barreiro	Xefa do Servizo de Contratación do IGVS

2.- LECTURA DO ANUNCIO DA POXA E COMPROBACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS

Dase lectura do anuncio da poxa pola secretaria da Mesa, publicado o 3 de xuño no Diario Oficial de Galicia (n.º 103).

A continuación o Presidente da Mesa pon en coñecemento dos membros da Mesa a oferta presentada, de conformidade co establecido na Cláusula VII- C do Prego de Condicións da poxa, que a continuación se sinala, e que foi correctamente presentada dentro do prazo establecido, tal como consta no certificado expedido polo Rexistro e Arquivo dos Servizos Centrais do IGVS.

LICITADOR	PARCELAS SOLICITADAS	PREZO BASE (sen IVE)	OPCIÓN
GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L.	LE – 4.3	188.613,76€	Dereito de superficie

3.- APERTURA DO SOBRE DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A).

Acto seguido, procédese á apertura do sobre A do licitador presentado e analízase a documentación contida no mesmo, realizando a seguinte comprobación:

GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L. presenta correctamente a documentación administrativa esixida na Cláusula VII-C- apartado de documentación administrativa do Sobre A do Prego de Condicións que rexe a presente poxa.

4.- ACORDOS DA MESA.

De conformidade ao anterior, ao abeiro do disposto na Cláusula VII-C do Prego de Condicións da poxa, a Mesa acorda admitir a oferta presentada polo licitador GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L. ao non apreciar defectos susceptibles de emenda.





Por último, o Presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto.
Asínase electronicamente a presente Acta polo Presidente e a Secretaria.

O PRESIDENTE

José Luis Estévez Sobrino

A SECRETARIA

Beatriz Garabal Barreiro

